



## **CONVOCATORIA FONDO SOLIDARIO E AXUDA DE LIBROS**

**Orde do 12 de maio de 2020 (DOG 19 de maio de 2020), pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, ESO e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2020/21.**

Poderán participar no **fondo solidario** os alumnos/as que cursen no ano académico 2020/21, **3º e 4º de E. Primaria** e nas axudas para adquirir **libros de textos**, o alumnado de **1º e 2º de E. Primaria**.

Tamén poderán solicitar axudas para a adquisición de **material escolar todos os alumnos/as de E. Primaria**, que a súa renda per cápita sexa igual ou inferior a **6.000 €**.

O alumnado de 5º e 6º de Primaria non pode participar no fondo solidario por estar incluído no proxecto educación dixital (E-Dixgal), pero pode solicitar axuda para material escolar.

A documentación a presentar poden consultala no impreso de solicitude (**Anexo I**), que se lles proporcionará na **secretaría do Centro**, e tamén, na aplicación informática Fondo libros <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>, na web do Centro [www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada](http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsantamariafonsagrada) e na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>

**Será imprescindible**, para ser beneficiario/a de libros procedentes do fondo solidario do centro ou de axudas para adquirir libros de texto, **que devolvan en bo estado os libros adquiridos coas axudas ou recibidos do fondo solidario, no curso 2019/20.**

**Exclúense desta obriga** os alumnos/as que están cursando **1º e 2º de Primaria**.

**O prazo máximo para devolver os libros será o 24 de xuño de 2020.**

Poden solicitar axuda para material independentemente da axuda de libros ou viceversa. Se algunha familia non desexa solicitar axuda para libros, pode solicitar axuda para material.

A asignación de libros de texto que estean dispoñibles no fondo solidario do centro efectuarase, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias. Polo tanto, aínda que se pasen nos baremos establecidos da renda, se sobran libros vanse adxudicar, sempre que haxa solicitudes.

## **Lugar e prazo de presentación de solicitudes**

-As solicitudes (**Anexo I e II**), así como a documentación **presentaranse preferiblemente por vía electrónica**. <https://www.edu.xunta.es/fondolibros> ou <https://sede.xunta.gal>

-**Opcionalmente** poderanse presentar **presencialmente no centro docente** no que estea matriculado o alumno/a.

-Para presentar as solicitudes de forma telemática poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia (certificado dixital , Chave 365 ).

-Os alumnos /as de 6º de Primaria entregarán as solicitudes no IES no que están admitidos.

-**A solicitude será única para todos os fillos/as** admitidos no mesmo centro docente para o curso 2020/21, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles.

-No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno/a.

-O **prazo** de presentación **rematará o día 19 de xuño de 2020**.

## **Contía das axudas**

### **Alumnado de 1º e 2º de E. Primaria**

- Renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6.000 € : 210 €**
- Renda per cápita familiar **superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € : 140 €**
- Alumnado con **discapacidade igual ou superior ao 65 % : 275 €** con independencia da renda.

### **Fondo de libros (Alumnado de 3º e 4º de E. Primaria)**

- Alumnado con renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6.000 € : 6 libros de texto**.
- Alumnado con renda per cápita familiar **superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € : 4 libros de texto**.
- Alumnado cunha **discapacidade igual ou superior ao 65%** que non poida usar os libros do fondo: **275 €** con independencia da renda.
- Alumnado con **necesidades específicas de apoio educativo** que non poida usar os libros do fondo:

Renda per cápita familiar **igual ou inferior a 6.000 € : 210 €**

Renda per cápita familiar **superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € : 160 €**

## **Para todos os cursos de E. Primaria**

**Axudas para adquirir material escolar : 50 € ( só para rendas per cápita igual ou inferior a 6.000 € )**

## **Renda per cápita da unidade familiar**

Enténdese por renda per cápita familiar o resultado de dividir a renda da unidade familiar do **exercicio fiscal 2018** entre o número de membros computables.

Para os efectos do cálculo da renda per cápita **computarán por dous** os membros da unidade familiar (pai, nai, alumno e irmáns) cunha **discapacidade igual ou superior ao 33%** , ou a percepción dunha **pensión da Seguridade Social** por incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou grande invalidez, ou a equivalente de clases pasivas.

Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a renda per cápita familiar, **terase en conta a situación persoal e familiar a 31 de decembro de 2018 e o exercicio fiscal 2018**. Non se terán en conta os fillos/as nados ou adoptados despois desta data.

A renda familiar obterase sumando as rendas de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos. **Sumaranse os recadros 435 e 460 da declaración**. ( Na orde aparece un erro no primeiro recadro, no dog do 22 de maio fíxose unha corrección)

**No caso de non presentar declaración**, teranse en conta os ingresos de todos os membros computables da unidade familiar , de acordo cos datos tributarios facilitados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, durante o exercicio fiscal 2018.

## **Membros computables da unidade familiar**

- 1- Para os efectos previstos nesta orde, considérase que conforman a unidade familiar:
  - a) Os pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do menor.
  - b) Os fillos/as menores de idade, con excepción dos/das emancipados/as.
  - c) Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
  - d) Os fillos ou fillas solteiros menores de 25 anos e que convivan no domicilio familiar.
  - e) Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman una unidade familiar cos fillos que teñen en común.
  - f) A persoa, que por novo matrimonio ou por convivencia en situación de unión de feito ou análoga, viva no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/da alumno/a.

- 2- Cando non exista vínculo matrimonial, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos do punto anterior.
- 3- Non terá a consideración de membro computable:
  - a) A persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación legal ou divorcio, agás no caso de custodia compartida.
  - b) O agresor nos casos de violencia de xénero.
- 4- No caso de falecemento dalgún dos proxenitores do alumno/a que convivisen con el, acreditarase a circunstancia mediante certificado de defunción
- 5- Os casos de separación ou divorcio acreditaranse mediante sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

### **Prazo para a recollida dos vales e listaxes de solicitudes.**

Unha vez rematado o prazo de solicitudes o Centro fará pública, no taboleiro de anuncios , as listaxes de solicitudes admitidas , coa asignación dos libros correspondentes a cada alumno , así como as solicitudes denegadas, indicando a causa de exclusión.

Tendo en conta a situación que estamos a sufrir, Covid-19, e para evitar os desprazamentos ao colexio dos pais e nais, a dirección do centro fará chegar a cada familia a asignación dos libros que lles corresponden e os que teñen que mercar , en cada caso ( alumnado de 3º e 4º ), así como información das axudas concedidas e denegadas para os alumnos/as de 1º e 2º de E. Primaria e as referentes ao material escolar.

Para recoller os vales correspondentes a estas axudas informaráselles no seu momento.

Se desexan recoller os impresos de solicitude no centro, poden facelo de 10:00 h a 13:30h a partir do luns, día 25 de maio.

A entrega de libros procedente do fondo solidario para o curso 2020/21 farase en setembro.

Se teñen algunha dúbida prestarémoslles asesoramento no teléfono de Centro 982 82 81 73.

Saúdos e moita saúde.

A Fonsagrada, 22 de maio de 2020

A Dirección